



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avda. Ernesto Che Guevara, 140 – Oleiros
15179 A CORUÑA
Tel.: 981 626344 – Fax: 981648595
ies.maria.casares@edu.xunta.es



PLAN DE CONTINXENCIA DO IES MARÍA CASARES

CURSO 2020-2021



Índice

Obxectivos	3
Actuacións ante a aparición dun gromo	3
Xestión de casos positivos	4
Actuación durante o período de actividade lectiva non presencial	5
Xestión das aulas virtuais:	6
Comunicación coas familias.....	6
Medidas para o reinicio da actividade lectiva non presencial	7



Obxectivos

Este Plan de Continxencia recolle as actuacións que se levarán a cabo ante un brote por SARS-CoV-2, establece o proceso de atención ao alumnado illado ou en corentena e a reactivación da actividade académica no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva presencial.

Actuacións ante a aparición dun gromo

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da dita enfermidade. Tal situación debe ser comunicada ao centro a través do teléfono ou por correo electrónico: ies.maria.casares@edu.xunta.es
- A familia dun alumno ou alumna con sospeita de contaxio deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. A familia debe contactar co centro educativo cando coñeza o resultado das probas realizadas.

Diante dun alumno/a que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo tomaranse as seguintes medidas:

- Baixará a conserxería e desde alí acompañarano á Sala Covid do centro.
- Avisarase un membro do equipo Covid ou da dirección do centro que serán os que se fagan cargo del.
- Colocaráselle unha **máscara cirúrxica**, que tamén debe levar o profesor/a que o acompañe. Se o alumno/a ten unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización de pantalla.
- Tomaráselle a temperatura.
- Contactarase coa familia ou titores legais para que o veña recoller. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase primeiro ao 061 e logo avisarase a familia.
- A familia ou titores legais deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirán as súas instrucións.



- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algún profesor/a nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior, coa ventilación adecuada. Pode ser nalgunha sala de titoría.
- Cando un docente ou traballador do centro inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica e seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

Xestión de casos positivos

- No suposto da aparición dun caso no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- A Central de Seguimento de Contactos (CSC) encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.
- Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro: aula ou grupo de aula, mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha aula ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.



- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Actuación durante o período de actividade lectiva non presencial

Ao comezo de curso, en colaboración cos titores de cada grupo, realizarase unha enquisa ás familias acerca dos dispositivos informáticos e de conexión dos que dispoñen os alumnos na casa e de se os teñen que compartir con outras persoas do fogar.

Pasarase a información recollida á dirección do centro que identificará o alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Cando se produza unha suspensión total ou parcial -illamento ou corentena dalgún/a alumno/s- da actividade lectiva presencial por causa dun gromo, no centro activarase **o ensino a distancia que se desenvolverá cos seguintes criterios e condicións:**

No caso dun alumno/a en corentena ou illado:

- A coordinadora Covid ou a dirección do centro comunicará ao profesorado do alumno/a a situación.
- O profesor de cada materia debe poñerse en contacto co alumno/a ou a familia, nas 24 horas posteriores á comunicación por parte da responsable Covid, a través do correo electrónico ou Sixa familias e indicarlle como vai continuar o proceso formativo na súa materia.
- A aula virtual creada na plataforma Moodle será preferentemente a ferramenta educativa de ensino a distancia para a actividade lectiva non presencial. Tamén se pode empregar o correo electrónico e a aplicación Cisco Webex.

No caso de suspensión da actividade lectiva presencial nun grupo, nivel, ou en todo o centro:

- A coordinadora Covid ou a dirección do centro comunicará a situación ao profesorado e establecerán a data do inicio da actividade lectiva non presencial.
- Os alumnos/as terán clases de forma telemática respectándose o horario normal. Os/as docentes conectarán cos alumnos/as na súa hora impartindo a clase que corresponda en horario. Polo menos a metade das horas semanais de cada materia deben ser a través de videoconferencia.



- O alumnado ten a obrigatoriedade de ter a cámara conectada, estar correctamente vestido e en disposición de traballo. De non ser así, será expulsado da sesión e comunicáraselle ás familias.
- Dentro da autonomía pedagóxica dos docentes, estes poderán utilizar tamén outros recursos, ferramentas e metodoloxías que complementen as anteriores e que redunden na calidade da ensinanza a distancia.
- O alumnado con NEE recibirá atención específica do equipo de Orientación que se coordinará co titor/a e co profesorado. O equipo de Orientación establecerá unha canle de comunicación permanente coas familias e irá adaptando as medidas ás necesidades académicas e emocionais de cada un dos alumnos/as.
- Os diferentes departamentos didácticos recollerán nas súas programación o xeito de realizar a avaliación das diferentes materias, se se produce a non presencialidade.

Xestión das aulas virtuais:

- Estarán coordinadas pola profesora Dolores Feijoo.
- Corresponde a esta profesora, asistida de ser o caso polos asesores da Consellería, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual da plataforma Moodle.
- A coordinadora asesorará o profesorado no manexo da aula virtual.
- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- A aula virtual, os cursos, e os usuarios terán que estar plenamente operativos e funcionando a comezos do mes de outubro.
- Crearase tamén un usuario na aula virtual para a inspectora do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais.
- O profesorado asistirá a actividades de formación ofertadas polo Centro de Formación e Recursos da Consellería que permitan iniciarse e/ou afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.

Comunicación coas familias

A propia Páxina Web do centro xunto co servizo de mensaxería de Sixa familias, o correo electrónico e o teléfono serán as canles de contacto e comunicación coas familias, así como de información xeral do centro durante o tempo que dure a situación lectiva non presencial.



As titorías realizaranse preferentemente de xeito virtual e terán lugar a través de chamada telefónica, videochamada ou videoconferencia, a través da plataforma Cisco Webex.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva non presencial

Antes da finalización do período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial. Sen prexuízo das medidas xenéricas ou instrucións dadas polas Consellerías de Educación e Sanidade, o centro ten previstas as seguintes actuacións:

Fase 1

- Revisar o Plan de Adaptación á situación COVID do centro por se hai que facer algunha mellora ou corrección de erros na redacción ou na execución.
- Revisar e reorganizar, se for necesario, os recreos e os desprazamentos que se realizan no centro.
- Analizar unha nova distribución de espazos ou adecuar os existentes.
- Desinfectar as aulas necesarias antes da reincorporación do alumnado.

Fase 2

- Concienciar o alumnado sobre as medidas de hixiene, distanciamento e prevención, tanto o alumnado presencial como o alumnado que aínda permaneza na casa.
- Informar a todos os alumnos das novas medidas que as autoridades sanitarias establezan para o noso centro ou que o centro estableza.
- Extremar e vixiar todos os desprazamentos dentro do instituto, para comprobar que as novas medidas son acertadas e que se cumpren.

Fase 3

- Retomar a actividade presencial.
- Recordar e traballar as normas de hixiene e prevención da COVID 19 a través das titorías.
- Reforzar a vixilancia nas entradas e saídas, corredores e escaleiras.
- Volver á dinámica das clases presenciais de todo o alumnado, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.